

Orde do 2 de febreiro de 2009 pola que se convocan axudas para as explotacións agrícolas e gandeiras ao abeiro do Decreto 13/2009, do 29 de xaneiro, de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polo temporal acaecido en Galicia a partir do 23 de xaneiro.

O Decreto 13/2009, do 29 de xaneiro, regula as axudas para a reparación dos danos e, se é o caso, perdas causados polo temporal que afectou Galicia os días 23 e 24 de xaneiro de 2009.

Segundo o disposto no artigo 7 da citada norma, serán obxecto de axudas os danos e perdas causados polo temporal en explotacións agrícolas, gandeiras e forestais, tanto nas instalacións e edificacións propias da actividade como nas producións afectadas, que non fosen cubertas polas medidas que puidesen adoptar outras administracións ou por calquera outra fórmula de aseguramento, público ou privado.

As axudas reguladas no devandito decreto réxense polo réxime establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aínda que acolléndose expresamente ao procedemento de concesión directa previsto no artigo 19.4.c) e 26 da citada norma, dadas as razóns de interese público, social, económico e humanitario que concorren neste caso.

En consecuencia, por razóns de urxencia, considérase conveniente establecer a convocatoria pública das axudas polos danos e, se é o caso, perdas, causadas polo temporal acontecido os días 23 e 24 de xaneiro en Galicia, ás explotacións agrícolas e gandeiras, pola necesidade de recuperar o máis axiña posible a normalidade, sendo obxecto doutra liña de axudas específicas as destinadas a paliar os danos no ámbito forestal.

Así mesmo, tendo en conta a urxencia existente na valoración dos danos e a tramitación das axudas, así como a concorrencia doutros sistemas de cobertura de danos e de axudas que tamén poden amparar o resarcimento das perdas ocasionadas polo temporal nas explotacións agrícolas e gandeiras, cómpre establecer un sistema de xestión centralizado para asegurar unha eficaz e equitativa asignación das axudas aquí reguladas.

A disposición derradeira primeira do Decreto 13/2009, do 29 de xaneiro, faculta os titulares dos distintos departamentos autonómicos para ditaren, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento, entendendo como competente a Consellería do Medio Rural para a concesión das axudas por danos e perdas en explotacións agrícolas, gandeiras e forestais.

Xa que logo, de conformidade coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto, ámbito de aplicación e natureza das axudas.

1. Esta orde ten por obxecto desenvolver o réxime de axudas establecidas no Decreto 13/2009, do 29 de xaneiro, que regula as axudas para a reparación dos danos e, se é o caso, perdas, causados polo temporal que afectou Galicia os días 23 e 24 de xaneiro de 2009, no ámbito das competencias da Consellería do Medio Rural e que esta conceda con cargo aos seus orzamentos.

2. Poderán ser obxecto de axuda a reparación dos danos e perdas causados en explotacións agrícolas e gandeiras, tanto nas instalacións e edificacións propias da actividade como nas producións afectadas, que non fosen cubertas polas medidas que puidesen adoptar outras administracións ou por calquera fórmula de aseguramento, público ou privado.

3. As axudas concederanse en réxime de concesión directa e serán financiadas con cargo aos orzamentos da Consellería do Medio Rural.

4. A concesión destas axudas terá carácter subsidiario respecto de calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, estatal ou internacional, de que poidan ser beneficiarios os afectados e cando os citados sistemas non cubran a totalidade dos danos producidos, serán compatibles en concorrencia con outras subvencións, indemnizacións, axudas, ingresos e recursos, procedentes de sistemas públicos ou privados, estatais ou internacionais, ata o límite do valor do dano ou perda producido.

Artigo 2º.-Requisitos das persoas beneficiarias.

1. Poderán ser beneficiarias das axudas previstas nesta orde as persoas que teñan a condición de agricultor/a profesional, entendido como a persoa física titular dunha explotación agrícola, gandeira ou forestal, que requira un volume de emprego de, polo menos, unha unidade de traballo anual e que obteña, polo menos, o 25% da súa renda de actividades agrarias.

2. Poderán selo, así mesmo, as persoas, físicas ou xurídicas, titulares destas explotacións que, non reunindo as características de agricultor profesional, empreguen, polo menos, media unidade de traballo anual.

Artigo 3º.-Actividades subvencionables.

1. Será obxecto da axuda a reparación dos danos, nas explotacións agrícolas e gandeiras, directamente derivados do temporal acaecido os días 23 e 24 de xaneiro, así como as perdas sufridas ata a completa recuperación da actividade, especificados nos anexos II e III.

2. Poderán ser obxecto de axuda outros danos e perdas non previstos nesas anexos, logo da oportuna comprobación e valoración polos servizos técnicos da Consellería do Medio Rural.

Artigo 4º.-*Solicitudes.*

1. As solicitudes de axuda presentaranse mediante instancia segundo o modelo do anexo I, debidamente cuberta e asinada polo beneficiario, dirixidas ao conselleiro do Medio Rural. Presentaranse preferentemente no rexistro xeral desta consellería nos servizos centrais, ou no modo previsto no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A presentación da solicitude comporta o compromiso de facilitar a documentación complementaria que se poida requirir, así como de permitir as comprobacións e inspeccións que para o efecto esta Administración considere oportunas. Así mesmo, leva consigo a autorización ao órgano xestor da axuda de solicitar as certificacións nos termos do artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ten a posibilidade de denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón as certificacións nos termos previstos no número 3, alínea i) deste artigo.

3. A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- a) Copia do NIF ou CIF do solicitante.
- b) Certificado da entidade bancaria acreditativo de que a conta citada na solicitude para a domiciliación dos pagamentos corresponde ao solicitante.
- c) No caso de persoas xurídicas copia compulsada do documento de constitución da sociedade e dos estatutos e certificado expedido polo órgano xestor da sociedade en que conste o acordo de solicitar a axuda e a identidade da persoa autorizada para solicitarla e tratándose de montes veciñais en man común, certificado de estaren inscritos no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común.
- d) Declaración sobre calquera outra subvención ou axuda procedente de entidades públicas para os mesmos fins para os que se solicita a axuda ao abeiro desta orde e, de ser o caso, póliza de aseguramento ou declaración xurada de que os bens para os cales solicita a axuda non están cubertos polo seguro correspondente.
- e) Memoria sobre os danos e perdas causados na explotación agrícola ou gandeira, incluíndo unha relación valorada destes que se fará, de ser o caso, consonte co baremo establecido nos anexos II, III e V se están incluídos neles, a xustificación da titularidade, propiedade ou dereito de uso dos citados bens e a acreditación por medio de calquera medio probatorio documental ou gráfico dos danos e perdas sufridos obxecto de axuda. No caso de gando morto, achegarase ademais a referencia do código de explotación agraria e a identificación do animal.
- f) No suposto de ter a condición de persoa agricultora profesional, acreditación de que, polo menos, o 25% da súa renda total a obteña das actividades agrarias, o que se efectuará mediante fotocopia cotexada da declaración do IRPF do último exercicio cuxo prazo xa finalizase para a súa presentación en

período voluntario, ou coa media das rendas fiscalmente declaradas como tales pola persoa titular durante tres dos cinco últimos anos, incluíndo o último exercicio, exceptuando do cómputo as ganancias e perdas patrimoniais.

g) Documentación acreditativa das UTA da explotación, do seguinte xeito:

Cando a persoa titular sexa persoa física, a achega de man de obra acreditarase da seguinte maneira:

1º A man de obra familiar da persoa titular, cotitular e familiares que estean afiliados á Seguridade Social, co informe de vida laboral de cada unha delas.

2º A achega da man de obra familiar da persoa titular da explotación ata o 2º grao inclusive, por consanguinidade ou afinidade e, se é o caso, por adopción, que convivan no seu fogar e estea ao seu cargo e que, estando ocupada na súa explotación, non teña a obriga de afiliarse ao correspondente réxime da Seguridade Social, poderá estimarse ata un máximo de 0,5 unidades de traballo agrario pola primeira persoa traballadora e 0,25 unidades por cada un dos restantes membros. Para acreditar que esa man de obra pertence á unidade familiar, utilizarase a declaración do IRPF da persoa titular, certificado de empadroamento, así como un informe de vida laboral.

3º A man de obra asalariada acreditarase documentalmente con base na cotización á Seguridade Social.

Cando a persoa titular sexa persoa xurídica soamente se computará a man de obra achegada polas persoas asociadas e asalariadas non asociadas acreditada mediante a correspondente cotización á Seguridade Social.

h) De ser o caso, solicitude motivada de anticipo segundo o modelo que se xunta como anexo IV.

i) No caso de denegar o consentimento a que se refire o número 2 deste artigo, deberá presentar, ademais, a xustificación de estar o día no pagamento das obrigas tributarias e o certificado acreditativo de estar o día das obrigas tributarias coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

4. As unidades administrativas receptoras remitirán as solicitudes aos servizos técnicos agrarios das delegacións provinciais da Consellería do Medio Rural, co fin de comprobar se a solicitude ou documentación presentada reúne os requisitos exixidos nesta orde. Se a solicitude non reúne os requisitos sinalados nos puntos anteriores, requirirase o interesado na forma establecida no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, para que nun prazo de dez días emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixese, considerárase que desistiu da súa petición, logo de resolución ditada para o efecto.

5. Os servizos técnicos da Consellería do Medio Rural poderán realizar inspeccións sobre o terreo emitindo os informes necesarios para completar o expediente administrativo.

Artigo 5º.-Prazo de presentación.

As solicitudes de axuda presentaranse no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo entenderase que o prazo expira o último do mes.

Artigo 6º.-Determinación da axuda.

1. As axudas concederanse consonte os seguintes criterios:

a) No caso de explotacións agrícolas, as perdas de produción computaranse, na produción esperada para a campaña, segundo os valores máximos auxiliares no anexo II.

b) No caso de danos en bens, equipamentos e maquinaria, especifícanse os valores de substitución e reparación máximos auxiliares para os bens danados, no anexo III.

c) No caso de gando poderá concederse unha axuda consonte os baremos especificados no anexo V.

2. No suposto de que os danos producidos nas explotacións agrícolas ou gandeiras non estean recollidos nos anexos anteriores, os servizos técnicos da consellería comprobarán os danos causados que haxa que reparar mediante estas axudas e emitirán informe coa súa valoración.

Artigo 7º.-Instrución.

1. A Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria será a competente para a tramitación e instrución do procedemento de concesión das axudas, sendo de aplicación para o seu desenvolvemento o establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Á vista dos informes emitidos polos servizos técnicos da consellería, a dirección xeral instrutora, unha vez valoradas as circunstancias e os danos causados, determinará a contía da axuda e elevará a proposta ao conselleiro para a súa resolución.

Artigo 8º.-Resolución.

1. A resolución das axudas competeralle ao conselleiro do Medio Rural, quen procederá á súa resolución, así como, se fose o caso, á concesión ou denegación do anticipo solicitado, a medida que se vaian presentando as solicitudes. Esta resolución notificaráselles aos interesados no prazo de dez días a partir da data en que se dite e publicarse nos termos previstos no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O prazo para resolver e notificar as subvencións será o previsto no artigo 23.4º da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño. Se transcorrese o citado prazo máximo sen recaer resolución expresa por parte do órgano competente, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes, para os efectos de

interposición dos correspondentes recursos potestativos de reposición e contencioso-administrativo.

Artigo 9º.-Anticipos.

1. Excepcionalmente e como consecuencia da necesaria urxencia na reparación do dano, poderá aboarse un anticipo de ata o 50% da subvención concedida. O citado anticipo deberá ser solicitado expresamente polo beneficiario en escrito segundo modelo que se xunta como anexo IV, no que motivará a mencionada necesidade dunha reparación urxente dos danos para recuperar a normalidade da actividade agrícola ou gandeira, e declarará non estar incurso nas circunstancias especificadas no artigo 31.6º da Lei 9/2007, do 14 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. A concesión dos anticipos estará condicionada, se é caso, á prestación de garantías nos supostos previstos no artigo 17 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 10º.-Prazo de execución, xustificación e pagamento das subvencións.

1. De ser o caso, a reposición dos danos deberá ter lugar no prazo de tres meses desde a notificación da resolución de concesión da axuda. Este prazo poderá ser prorrogado en casos debidamente xustificadas, mediante solicitude do interesado presentada antes da finalización do prazo.

2. No caso de danos, o receptor da axuda queda obrigado a investir a axuda na reparación ou reposición dos danos, de xeito que se manteña a situación existente antes de producirse o temporal. Para tal efecto achegará, no prazo dos quince días seguintes ao da finalización do prazo recollido no número anterior a documentación xustificativa do gasto, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Este prazo poderá ser prorrogado xustificativamente por solicitude da persoa interesada.

3. No caso de danos ou perdas que non sexan obxecto de reposición, xustificaranse mediante informe emitido polos servizos técnicos da Consellería do Medio Rural. No caso de perda de leite, a xustificación realizarase coa achega da factura dos tres últimos meses de entrega aos compradores e certificado da empresa compradora comprensivo dos días en que non se realizou a recollida.

4. O pagamento total das axudas terá lugar tras a xustificación dos gastos pola reposición dos bens afectados, agás nos supostos recollidos no artigo 6 a) e c) desta orde. No caso de gando morto, o pagamento farase efectivo unha vez comprobado o asentamento deste no Rexistro de Explotacións Gandeiras a favor do solicitante da axuda.

5. A Administración poderá solicitar a documentación adicional de carácter complementario que se considere necesaria para a xustificación das subvencións concedidas ao abeiro desta orde.

6. De acordo co artigo 29, número 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros, no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000 euros no caso de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a presentación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realízase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase conforme criterios de eficiencia e economía e debe xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Artigo 11º.-*Control.*

1. A Consellería do Medio Rural poderá realizar os controis administrativos e inspeccións que considere oportunos co fin de comprobar a veracidade dos datos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda. O beneficiario estará obrigado a colaborar na citada inspección, proporcionando os datos requiridos e facilitando, se é o caso, o acceso á explotación.

2. O beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Artigo 12º.-*Importe máximo das subvencións.*

O importe máximo das axudas reguladas nesta orde non poderá en ningún caso ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, supere o custo dos danos e perdas causados aos beneficiarios polo temporal acaecido en Galicia os días 23 e 24 de xaneiro de 2009.

Artigo 13º.-*Financiamento.*

1. As axudas económicas reguladas nesta orde faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 11.03.713C.774.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 e polo importe de 4.000.000,00 euros.

A dita cantidade poderá ser incrementada con fondos adicionais procedentes desta ou outras administracións.

2. En todo caso, a concesión das axudas estarán sometidas á condición de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

Artigo 14º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións expresas ou presuntas ditadas en aplicación desta orde esgotan a vía administrativa e contra elas poderase interpor potestativamente recurso de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos, ou ben poderá ser impugnada directamente ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

Artigo 15º.-*Réxime de reintegros infraccións, sancións e responsabilidades.*

O réxime de reintegros, infraccións, sancións e responsabilidades aplicables será o regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento.

Disposicións adicionais

Primeira.-Nos aspectos non regulados nesta orde, aterase ao disposto na Lei 9/2007, do 14 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento.

Segunda.-De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Medio Rural publicará na súa páxina web oficial as concesións das axudas reguladas nesta orde, polo que a presentación da solicitude leva implícita autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Así mesmo, de acordo co establecido na disposición primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso.

Terceira.-A resolución de concesión das axudas reguladas nesta orde quedará condicionada á decisión positiva da Comisión Europea sobre compatibilidade destas co mercado común, de acordo co establecido no artigo 88.3º do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para ditar os actos e as medidas necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2009.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS Á REPARACIÓN DE DANOS E PERDAS CAUSADOS POLO TEMPORAL NAS EXPLOTACIÓNS AGRÍCOLAS E GANDEIRAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR328C	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

NOME		NIF / CIF	
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR)		CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE
PROVINCIA	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO	

E, na súa representación:

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR)		CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE
PROVINCIA	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO	

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)	
PROVINCIA	POBOACIÓN	CÓDIGO POSTAL	

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

<input type="checkbox"/> NIF OU CIF	<input type="checkbox"/> XUSTIFICACIÓN DA TITULARIDADE, PROPIEDAD OU DEREITO DE USO
<input type="checkbox"/> CERTIFICADO DA CONTA BANCARIA	<input type="checkbox"/> CEA
<input type="checkbox"/> ACTA DE CONSTITUCIÓN DA ENTIDADE, SE É O CASO	<input type="checkbox"/> PÓLIZA DE ASEGURAMENTO OU DECLARACIÓN XURADA
<input type="checkbox"/> CERTIFICADO DO SECRETARIO DA SOCIEDADE	<input type="checkbox"/> FOTOCOPIA DO IRPF
<input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN DE INSCRICIÓN NO REGISTRO DE MVMC	<input type="checkbox"/> TRES DECLARACIÓNS DA RENDA DOS ÚLTIMOS CINCO ANOS
<input type="checkbox"/> NO CASO DE REPRESENTACIÓN: AUTORIZACIÓN PARA FACER A SOLICITUDE	<input type="checkbox"/> DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA UTA DA EXPLOTACIÓN
<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE AXUDAS	<input type="checkbox"/> FACTURAS DE ENTREGAS DE LEITE
<input type="checkbox"/> MEMORIA DOS DANOS	<input type="checkbox"/> CERTIFICADO EMPRESAS COMPRADORAS

AUTORIZO:

1.- A Consellería do Medio Rural para, de conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.
 2.- Á Consellería do Medio Rural, para incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvencións, e convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

O que abaixo asina solicita que lle sexa concedida a axuda establecida na orde do _____ da Consellería do Medio Rural

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 2 de febreiro de 2009 pola que se convocan axudas para as explotacións agrícolas e gandeiras ao abeiro do Decreto 13/2009, do 29 de xaneiro, de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polo temporal acaecido en Galicia a partir do 23 de xaneiro.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO _____ REVISADO E CONFORME _____	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
SINATURA DAS PERSOAS SOLICITANTES OU PERSOA QUE AS REPRESENTA _____, de _____ de _____		

Conselleiro do Medio Rural

ANEXO II

Cálculo de valores máximos auxiliares para cada produto

Ru: rendemento unitario

Pu: prezo unitario

K: porcentaxe produción anual afectada

PPA: perda de produción agraria

IR: investimentos de reposición

PPAS: perda de produción agraria nos anos seguintes ata a normalización do rendemento

MNP: mantemento da nova plantación

MAT: máximo valor auxiliar

Unidades	Denominación	Ru (t/ha)	Pu (€/t)	K	PPA (€/ha)	IR (€/ha)	PPAS (€/ha e ano)	Anos sen produción	PPAS (€/ha)	MNP (€/ha e ano)	Anos sen produción	MNP (€/ha)	MAT (€/ha)
	Cultivos herbáceos anuais:												
ha	Trigo	3,19	282	0,5	450								450
ha	Centeo	1,9	254	0,5	241								241
ha	Hortalizas 1 (cenoura, repolo, nabo e similares)	36,81	450	0,5	8.282								8.282
ha	Hortalizas 2 (coliflor, tomate, berenxena, cabacino, cebola, feixón verde, leituga, pemento, porro e similares)	33,66	650	0,5	10.940								10.940

Unidades	Denominación	Ru (talos/m ²)	Pu (€/talo)	K	PPA (€/m ²)	IR (€/m ²)	PPAS (€/m ² e ano)	Anos sen produción	PPAS (€/m ²)	MNP (€/m ² e ano)	Anos sen produción	MNP (€/m ²)	MAT (€/m ²)
	Cultivos plurianuais: flores												
m ²	Caravel	150	0,08	0,5	6	6							12
m ²	Roseira	80	0,25	0,5	10	14							24
m ²	Xerbera e outras	200	0,20	0,5	20	9							29

Unidades	Denominación	Ru (t/ha)	Pu (€/t)	K	PPA (€/ha)	IR (€/ha)	PPAS (€/ha e ano)	Anos sen produción	PPAS (€/ha)	MNP (€/ha e ano)	Anos sen produción	MNP (€/ha)	MAT (€/ha)
	Outros cultivos plurianuais												
ha	Implantación amorodo tecnoloxía media	17,64	1.250	0,4	8.820	12.000							20.820

Unidades	Denominación	Ru (t/ha)	Pu (€/t)	K	PPA (€/ha)	IR (€/ha)	PPAS (€/ha e ano)	Anos sen produción	PPAS (€/ha)	MNP (€/ha e ano)	Anos sen produción	MNP (€/ha)	MAT (€/ha)
	Castaña de froito e kiwi												
ha	Plantación especies autóctonas (castiñeiros de froito)	2,44	800	1	1.952	2.500	1.000	10	10.000	200	10	2.000	16.452
ha	Kiwi	22,49	800	1	17.992	29.000	4.000	4	16.000	3.000	4	12.000	74.992

Unidades	Denominación	Ru (t/ha)	Pu (€/t)	K	PPA (€/ha)	IR (€/ha)	PPAS (€/ha e ano)	Anos sen produción	PPAS (€/ha)	MNP (€/ha e ano)	Anos sen produción	MNP (€/ha)	MAT (€/ha)
	Vitídeo:												
ha	Emparrado de cepas de albariño ou similares (cunha produción media por cepa de 9 kg e de 1.000 cepas por ha): substitución da planta morta incluíndo a arrinca con eliminación de raíces, apertura de buratos, fertilización, planta enxertada dun ano, plantación e titoramento	9	1.200	1	10.800	9.900	1.200	4	4.800	3.200	4	12.800	38.300
ha	Espaller de cepas de variedades autóctonas cunha produción media por cepa de 3 kg e con 3.000 cepas/ha: substitución de planta morta, incluído arrinca, eliminación de raíces, apertura de buratos, fertilización, planta enxertada dun ano, plantación e titoramento	9	1.050	1	9.450	9.900	1.200	4	4.800	3.200	4	12.800	36.950

Unidades	Denominación	Ru (t/ha)	Pu (€/t)	K	PPA (€/ha)	IR (€/ha)	PPAS (€/ha e ano)	Anos sen produción	PPAS (€/ha)	MNP (€/ha e ano)	Anos sen produción	MNP (€/ha)	MAT (€/ha)
	Froiteiras plantacións regulares:												
ha	Mazá para sidra de maceiras enxertadas en portaenxertos de vigor medio tipo MM-106, en plantacións regulares de polo menos 600 árbores/ha	14,24	250	1	3.560	4.240	1.200	10	12.000	250	10	2.500	22.300
ha	Mazá para sidra de maceiras enxertadas en portaenxertos vigorosos en plantacións regulares de polo menos 100 árbores/ha	2,85	250	1	713	3.700	200	10	2.000	200	10	2.000	8.413
ha	Mazá para mesa de maceiras enxertadas en portaenxertos pouco vigorosos ou de vigor medio tipos EM-9 ou MM-106, en plantacións regulares de polo menos 600 árbores/ha	14,24	350	1	4.984	5.600	1.200	10	12.000	250	10	2.500	25.084
ha	Mazá para mesa de maceiras enxertadas en patróns vigorosos, en plantacións regulares de polo menos 100 árbores/ha	2,85	350	1	998	4.500	200	10	2.000	200	10	2.000	9.498

Unidades	Denominación	Ru (kg/ud)	Pu (€/kg)	K	PPA (€/ud)	IR (€/ud)	PPAS (€/ud e ano)	Anos sen produción	PPAS (€/ud)	MNP (€/ud e ano)	Anos sen produción	MNP (€/ud)	MAT (€/ud)
	Forraxes conservadas												
Ud	Rotopaca herba seca	150	0,124	1	19								19
Ud	Paca herba seca en forma de paralelepípedo	14	0,125	1	2								2
Ud	Rotopaca silo	300	0,06	1	18								18

Unidades	Denominación	Ru (ud/m ³)	Pu (€/ud)	K	PPA (€/m ²)	IR (€/m ²)	PPAS (€/m ² e ano)	Anos sen produción	PPAS (€/m ²)	MNP (€/m ² e ano)	Anos sen produción	MNP (€/m ²)	MAT (€/m ³)
	Planta ornamental												
m ²	Produción de chantón de planta ornamental	1.500	0,4	0,3	180								180
m ²	Produción de planta de temporada	90	1	0,3	27								27
m ²	Produción de planta ornamental en contedor	6	8,3	1	50	15	50	3	150	4	3	12	227
Unidades	Denominación	€/100 litros											
Litros	Leite	33,75											

ANEXO III

Valores de substitución e reparación máximos auxiliares para os bens danados

(Segundo anexo I-C que recolle as claves, unidades e módulos máximos para investimentos destinados á mellora da eficacia e sustentabilidade das explotacións agrícolas e para a incorporación de novos activos agrarios).

Unidades	Denominación	Módulo substitución (€)	Módulo reparación (€)
m	Pozo artesiano	66	22
m ³	Estanque ou balsa	119	38
m	Conducións xerais	222	87
ha	Arroteamento, desfonda	562	-
m ²	Muro de contención cachotaría granito	60	23
m ²	Muro de formigón 20-30 cm grosor e/cimentación	50	26
Ud.	Colmea de abellas	120	26
m ²	Estb. v/carne trabadas	106	41
m ²	Patio exercicio carne	21	9
m ²	Estb. ceba becerros	106	33
m ²	Palleira vacún carne	60	20
m ²	Estb. libre car/cubic	113	46
m ²	Sala partos carne	79	37
m ²	Estb. v/leite trabada	106	39
m ²	Patio exercicio leite	21	6
m ²	Sala partos leite	79	34
m ²	Estb. cría, recría xovencas	113	46
m ²	Palleira vacún leite	60	21
m ²	Corte libre leite	113	29
m ²	Curro ovino-cabrún	104	26
m ²	Ceba años-cabritos	119	53
m ²	Estrutura, cuberta e cerramentos avícola	133	41
ml.	Comedeiro avícola	38	16
ml.	Bebedeiro avícola	21	10
m ²	Instalación eléctrica avícola	6	1
m ²	Instalación fontanaría avícola	1	0,5
ml	Venda avícola	34	15
m ²	Instalación coellos cerrada	97	48
m ²	Instalación coellos aberta	51	11
m ²	Corredor alimentación cuberto	57	26
m ²	Oficina	113	56
m ²	Aseo	130	35
m ²	Almacén cerrado maquinaria	97	30
m ²	Almacén aberto maquinaria	69	30

Unidades	Denominación	Módulo substitución (€)	Módulo reparación (€)
m ²	Almacén cerrado de produtos	97	28
m ²	Segundos pisos almacén	82	33
m ²	Almacén aberto produtos	69	27
m ³	Silos forraxeiros	40	11
m ²	Almacéns en xeral (1ª instalación)	21	5
m ³	Fosa de xurro formigón	59	28
m ²	Cubrición fosa xurro	33	11
m ³	Fosa recolla auga de lavado e lixiviados formigón	59	21
m ³	Outras fosas de xurro	30	14
m ²	Camiño de explotación	21	7
m	Cerca madeira 4 fíos	1	0,5
m	Cerca madeira eléctrica	1	0,5
m	Cerca madeira 5 fíos	2	0,5
m	Cerca ovino-cabrún	3	1
m	Cerca formigón 5 fíos	5	1
m	Cerca tubo e malla sen zócolo	13	5
m	Cerca tubo e malla con zócolo	16	6
m	Cerca ladrillo ou bloque	29	10
m	Cerramento con chapa de 1,5 m	22	7
ml	Cerramento con malla para porco celta	18	9
m ²	Túnel semicircular horta	16	4
m ²	Acolchado horta	1	1
m ²	Invernadoiro polietileno aditivos especiais horta	19	4
m ²	Invernadoiro multitúnel horta	21	9
m ²	Invernadoiro madeira horta	6	2
m ²	Invernadoiro poliéster vidro horta (cuberta ríxida)	60	28
m ²	Túnel semicircular flor	16	6
m ²	Acolchado flor	1	1
m ²	Invernadoiro polietileno aditivos especiais flor	19	6
m ²	Invernadoiro multitúnel flor	21	5
m ²	Invernadoiro madeira flor	6	2
m ²	Multitúnel especial flor	20	9
m ²	Invernadoiro poliéster vidro flor (cuberta ríxida)	60	25
m ²	Invernadoiro multitúnel policarbonato (h=4m)	40	13
m	Sebe vexetal	7	2
Ud.	Bebedeiro portátil	1.322	600
Ud.	Punto de auga con capacidade igual ou superior a 50 m ³ de auga	2.173	780



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO IV

PROCEDEMENTO AXUDAS Á REPARACIÓN DE DANOS E PERDAS CAUSADOS POLO TEMPORAL NAS EXPLOTACIÓNS AGRÍCOLAS E GANDEIRAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR328C	DOCUMENTO SOLICITUDE DE ANTICIPO
--	---	--

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL			DNI/NIF
<input type="text"/>			<input type="text"/>
ENDEREZO	PARROQUIA	PROVINCIA	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E na súa representación:

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL			DNI/NIF
<input type="text"/>			<input type="text"/>
ENDEREZO	PARROQUIA	PROVINCIA	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

De acordo co establecido no artigo 9 da Orde do _____, pola que se convocan axudas para ás explotacións agrícolas e gandeiras ao abeiro do Decreto 13/2009, do 29 de xaneiro, de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polo temporal acaecido en Galicia a partir do 23 de xaneiro, solicito un anticipo excepcional do pagamento de €, que non supera o 50% da subvención concedida.

A miña solicitude de anticipo excepcional está motivada na necesidade de facer pagamentos inmediatos polas seguintes causas:

E declaro non ter sido declarado insolvente en calquera procedemento ou en concurso, ou en calquera das circunstancias explicitadas no artigo 30.6º da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 2 de febreiro de 2009 pola que se convocan axudas para as explotacións agrícolas e gandeiras ao abeiro do Decreto 13/2009, do 29 de xaneiro, de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polo temporal acaecido en Galicia a partir do 23 de xaneiro.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
SINATURA DAS PERSOAS SOLICITANTES OU PERSOA QUE AS REPRESENTA	RECIBIDO	DATA DE ENTRADA
 de de	REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
		DATA DE SAÍDA

Conselleiro do Medio Rural

ANEXO V

Baremo de indemnizacións por animais

Valores de bovinos, ovinos e cabrúns: os establecidos na Orde APA/1438/2005, pola que se modifica a Orde do 15 de decembro de 2000, pola que se establecen os baremos de indemnización por sacrificio obrigatorio dos animais afectados pola lingua azul.

Valores para porcino: os contemplados no anexo VIII do Real decreto 1071/2002, do 18 de outubro, polo que se establecen as medidas mínimas de loita contra a peste porcina clásica.

Valores para aves: os especificados na Orde APA/940/2008, do 2 de abril, pola que se establecen os baremos de indemnización polo sacrificio obrigatorio dos animais obxecto dos programas de control de salmonela en mandas de aves reprodutoras e poñedoras do xénero *Gallus gallus*.

Para as demais especies: para as demais especies non recollidas na normativa anterior, teranse en conta os valores indemnizatorios para os sinistros por accidente para cada tipo de animal recollido nas tarifas aprobadas polo Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Mariño (MARM), nas correspondentes ordes ministeriais polas que se desenvolve o Plan anual de seguros agrarios para o ano 2009 aprobado por acordo do Consello de Ministros de 5 de decembro de 2008 ou, no seu defecto, as que desenvolven o Plan anual de seguros agrarios para o ano 2008 no caso de non terse publicado, na data de entrada en vigor desta orde, as ordes correspondentes ao ano 2009.

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

Orde do 2 de febreiro de 2009 pola que se regula a concesión de axudas a concellos de Galicia para compensar os danos sufridos en instalacións deportivas de titularidade pública polos efectos do temporal acaecido en Galicia os días 23 e 24 de xaneiro de 2009.

No *Diario Oficial de Galicia* número 21, do 30 de xaneiro de 2009, publicouse o Decreto 13/2009, do 29 de xaneiro, de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polo temporal acaecido en Galicia os días 23 e 24 de xaneiro de 2009.

No marco do citado Decreto 13/2009, esta orde ten por obxecto arbitrar medidas urxentes para a reparación dos danos producidos nas instalacións deportivas de titularidade pública da Comunidade Autónoma de Galicia causados polo fenómeno coñecido como cicloxénese explosiva. O artigo 10 do devandito decreto dispón a creación de axudas para as entidades locais ou actuacións directas sobre as instalacións deportivas afectadas, segundo os casos.

O procedemento de concesión das axudas, en concordancia co disposto no artigo 3.º do Decreto 13/2009, realizarase en réxime de concesión directa, por mor das excepcionais circunstancias que concorren neste caso, e rexerese polo establecido nos artigos 19.4º e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A natureza extraordinaria do acontecido, a magnitude dos feitos e as súas consecuencias obrigan á adopción de medidas e axudas para reparar e paliar, na medida do posible, os danos e perdas sufridos, apartándose do réxime de concorrencia competitiva que recolle a normativa de aplicación.

Así mesmo, tendo en conta a urxencia existente na valoración dos danos e na tramitación das axudas, así como a concorrencia doutros sistemas de cobertura de danos e de axudas que tamén poden amparar o resarcimento das perdas ocasionadas polo temporal nas instalacións deportivas de titularidade pública, cómpre establecer un sistema de xestión que asegure unha eficaz asignación das axudas aquí reguladas.

A disposición derradeira primeira do Decreto 13/2009, do 29 de xaneiro, faculta os titulares dos distintos departamentos autonómicos para ditaren, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento.

Polo exposto, e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto e destinatarios.*

1. Esta orde ten por obxecto convocar, polo procedemento establecido no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, axudas aos concellos de Galicia que o soliciten, para o financiamento da reparación dos danos sufridos nas instalacións deportivas de titularidade municipal como consecuencia do temporal acaecido na comunidade autónoma entre os días 23 e 24 de xaneiro de 2009.

2. Non obstante, para casos excepcionais en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que poderán estar referidas á magnitude ou natureza da actuación, poderán outorgarse axudas en réxime de concesión directa coa sinatura, de ser o caso, dos oportunos convenios.

Artigo 2º.-*Actuacións subvencionables.*

Poderá ser obxecto destas axudas o financiamento das actuacións que vaian realizar os concellos para paliar os danos antes citados e que teñan por finalidade a reparación de elementos estruturais, cubertas ou elementos de seguridade, a reparación dos danos producidos na estrutura ou a reposición de elementos de instalacións deportivas de titularidade municipal. Considéranse excluídas, por razón da contía,